



NORMAS PROBAS CRONOMETRADAS ANDADURA GALEGA 23 DE ABRIL 2026

- Realízanse catro probas de Andadura Galega Cronometrada.
- A entrada en pista será por grupos de 10 persoas con dereito a unha única volta de quentamento, de seguido entrarán directamente na proba cronometrada, sin volta de recoñecemento.
- Cada proba sumará 10 segundos ó tempo final de cada cabalo.
- As penalizacións efectuaranse cada vez que o cabalo perda o paso de andadura.
- Será obrigatorio o uso de casco regulamentario.
- Está prohibido o maltrato de animais, penalizándose coa descalificación.
- As decisións dos xuíces de pista son irrevocabes. As protestas continuadas serán motivo de descalificación.
- Todos os participantes deberán presentar de forma online o seguro de responsabilidade civil do équido participante nas probas, eximindo á organización de calquera responsabilidade ante accidentes.
- As inscricións realizaranse entre o 1 e o 17 de abril de maneira telemática cubrindo formulario online disponible no seguinte link: <https://magmasports.es/es/evento/feira-cabalar-moeche> ou mediante código QR. Non se recollerán inscricións posteriores.
- Limitase o aforo a **MAXIMO 180 CABALOS** para as carreiras de Andadura Galega Cronometrada (**máx. 3 cabalos por xinete**), por orden de inscricións.
- TODOS os cabalos de Andadura Galega Cronometrada deberán presentarse ANTES das 8.30h no Recinto Feiral para a entrega de dorsais e confirmación de chegada (medición de 8.30h a 10.00h).
- TODOS os participantes de Andadura Galega Cronometrada deberán presentarse no Recinto Feiral coa documentación do équido.
- Inicio de Carreiras as 11.00h.
- Entrega de Premios ó finalizar as probas (hora aproximada 15.00-16.00h).
- É requisito indispensable a comparecencia física do gañador para a entrega de premios (non se realizarán entrega de premios a terceiros).



NORMAS CONCURSO ANIMAIS 23 ABRIL 2026.

- **MANADA MÁIS NUMEROSA.** Valorarase o número de équidos que aporte o propietario, indistintamente da raza.
- **PREMIO ESTAMPA E BELEZA .** Valorarase o mellor cabalo e a mellor egua da feira, indistintamente da raza. Terase en conta a armonía de movementos, os coidados a presentación. Xulgarase durante o paseo cabalar tradicional. **NON PRECISA INSCRICIÓN.**
- Para optar a premio en calquera das categorías (AGÁS ESTAMPA E BELEZA) é necesario inscrición.
- Xinete máis veterano. Outorgarase ó xinete de maior idade da feira. Inscrición no palco o día da feira.
- Xinete que realiza o maior percorrido montado no seu cabalo para acudir á feira. Inscrición no palco o día da feira.